

## Corporación 2015-2019

### Decreto de nomeamento de Marcos Rey Pazos como vogal de determinadas comisións do Pleno.

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria de data 19.06.2019, determinou a denominación, composición e funcións das comisións do Pleno, de conformidade co previsto nos artigos 122.4 da Lei 7/1985 e 131 do Regulamento orgánico do Pleno e das súas comisións.

Mediante decreto de data 21.06.2019 se nomeou aos membros das distintas comisións do Pleno segundo as propostas formuladas polos portavoces dos grupos municipais.

Non pleno de data 21.09.2020 tomou posesión como concelleiro Marcos Rey Pazos, en substitución da concelleira Paloma Castro Rey.

Con data 22.09.2020 o portavoz do grupo municipal do PsdeG-PSOE, propón a designación de Marcos Rey Pazos como vogal titular las comisión do Pleno das que formaba parte Paloma Castro Rey.

Ten en conta o anterior, en uso da atribución precisada polos artigos 130 e seguintes do Regulamento orgánico do Pleno e das súas comisións, DECRETO:

**Primeiro.**- Nomear a Marcos Rey Pazos, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, como vogal titular das seguintes comisións do Pleno:

- Comisión de Ordenación do Territorio, Urbanismo e Medio Ambiente
- Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural
- Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións

**Segundo.**- Será o seu suplente calquera concelleiro ou concelleira do mesmo grupo municipal.

**Terceiro.**- Dar traslado da presente ao interesado e aos secretarios/as das correspondentes comisións do Pleno.

Así o manda e firma esta Alcaldía, en Pontevedra ao día da súa sinatura, do que eu, Secretario, dou fe.